



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

D. JOSÉ PARDO LOMBAO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.-

INFORMA:

Que os días 30 e 31 de outubro e o día 3 de novembro terán lugar en Outeiro de Rei unhas **“XORNADAS DE PROMOCIÓN DO COOPERATIVISMO AGROFORESTAL”** dirixidas a propietarios de terreos forestais, madeireiros, agricultores, emprendedores ou persoas con inquietudes neste sector.

Con estas xornadas pretendese achegar ás persoas asistentes ao mundo das cooperativas agroforestais co obxectivo de acadar un maior aproveitamento dos recursos tanto agrarios como forestais e un maior coidado do monte. Tamén propiciarase o coñecemento de experiencias cooperativas (a programación inclúe a visita á Cooperativa HORTOFLOR 2 emprazada en Barbantes- Ourense).

As xornadas son totalmente gratuítas para as persoas empadroadas en Outeiro de Rei, establecéndose un límite de 50 prazas para as persoas que queiran asistir á visita da cooperativa, prazas que serán cubertas por rigorosa orde de solicitude.

Para participar é imprescindible a previa inscrición , o prazo está aberto ata o día 27/10/08.

Pódese acadar máis información no teléf.: 982 393 408

Outeiro de Rei, 9 de outubro de 2008.

O Alcalde,